

REGULAMENTO DA COMISIÓN DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Art. 1. A Comisión de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña

A Comisión de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña crease para dar cumprimento ao Plano Estratéxico da Universidade da Coruña como o órgano encargado de fortalecer a dimensión internacional da universidade, ordenando e desenvolvendo as actividades relacionadas coa súa proxección internacional.

Esta comisión rexirase polo exposto neste Regulamento, polos Estatutos da Universidade da Coruña, pola lexislación universitaria e pola Lei de Procedemento Administrativo.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

Art. 2. A composición da Comisión de Relacións Internacionais

A Comisión de Relacións Internacionais estará constituída por:

- O reitor, ou persoa en quen delegar, que a preside
- O/a vicerreitor/a de Estudantes e Relacións Internacionais
- O/a vicerreitor/a de Organización Académica e Titulacións, ou persoa en que delegar
- O/a vicerreitor/a de investigación, ou persoa en que delegar
- O/a coordinador/a de Proxección Internacional
- O/a director/a da Oficina de Relacións Internacionais
- O/a director/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado
- 5 representantes dos coordinadores de Centro
- 5 membros do estudantado a proposta deste sector no Consello de Goberno
- 1 membro do Persoal de Administración e Servizos a proposta do Consello de Goberno

Art. 3. As competencias da Comisión de Relacións Internacionais

Correspóndelle á Comisión de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña o exercicio das seguintes funcións:

- Desenvolver as liñas de actuación da política de relacións internacionais da UDC, coordinando as actividades das vicerreitorías nesta materia.
- Propor liñas de actuación da Universidade da Coruña en materia de relacións internacionais.
- Propor, aprobar e velar polo cumprimento dos criterios aplicables en todos os aspectos do funcionamento dos programas de intercambio e de mobilidade internacional, incluíndo o establecemento das normas relativas ao recoñecemento de créditos.

- Asesorar as instancias da Universidade da Coruña nos casos que lle sexan requeridos.
- Informar as resolucións de recursos interpostos ante o reitor por cuestións relativas a programa internacionais de mobilidade.
- Coñecer e aprobar a planificación anual de actividades elaborada pola Oficina de Relacións Internacionais.
- Cantas outras funcións competan á definición da política de relacións internacionais que lle sexan encomendadas por outras normas ou outros órganos superiores da universidade.

Art. 4. Da constitución e do funcionamento da Comisión de Relacións Internacionais

1. Correspóndelle ao reitor nomear os seus membros unha vez que o Consello de Goberno da Universidade aprobo a composición da Comisión.
2. A Comisión de Relacións Internacionais reunirase, convocada polo seu presidente, cando menos dúas veces por ano, ou tras petición dun terzo dos seus membros.
3. A Comisión de Relacións Internacionais terá un/ha secretario/a que será o/a coordinador/a de Proxección Internacional.
4. Existirá un libro de actas da Comisión en que constarán como mínimo: as datas das reunións; os asistentes; as decisións e os acordos da Comisión; as sinaturas do presidente e do/a secretario/a da Comisión.

Art. 5. O mandato e a renovación dos membros da Comisión

1. A duración dos mandatos dos membros de todos os sectores será de dous (2) anos.
2. A Comisión de Relacións Internacionais poderá convidar as súas sesións, con voz máis sen voto, as persoas que considere pola súa relevancia e polo coñecemento dos temas a tratar.
3. A condición de membro da Comisión pérdese por: renuncia; perda da condición en virtude da que foi nomeado; por acordo do órgano que o designou.